


## ARTE GREGA



### EDIFICIO: PARTENÓN

AUTOR: Ictino (S.V a.C.) e Calícrates (S.V a.C.) baixo a supervisión de Fidias

CRONOLOXÍA: 447-432 a.C.

TIPOLOXÍA: Templo

MATERIAL: Mármore do Pentélico

ESTILO: Grego clásico (Clasicismo Pleno do S.V a.C.)

LOCALIZACIÓN: Acrópole de Atenas

ENTORNO E INTEGRACIÓN URBANÍSTICA

Despois do remate das Guerras Médicas (449 a.C.) a cidade de Atenas comeza unha época de esplendor, tanto no económico como no cultural e político, tras liderar a Liga de Delos. A partir do 450 a.C., coa chegada de Pericles, podemos dicir que é cando se acada o nivel máis alto, e baixo o seu mandato comeza a reconstruírse a Acrópole de Atenas contando cos mellores arquitectos e escultores (Fidias).

Ubicado no complexo urbanístico relixioso da Acrópole de Atenas, ubicado no punto máis alto da colina, vertebrada o conxunto de edificios da Acrópole, entre os que destacan o templo de Atenea Niké, o Erecteion e os Propileos.

### DESCRIPCIÓN FORMAL

Atopámonos ante un templo octástilo e períptero de orde dórica construído en mármore. Os elementos sustentantes son columnas de orde dórica dispostas do xeito 8x17, polo que podemos dicir que se trata dun templo con disposición regular das súas columnas. A construción é arquiteada ou alintelada, e a cuberta é dun tellado a dúas augas, que deixa dous grandes frontóns nos lados leste e oeste.

No interior atopamos unha disposición na súa expresión máis clásica, con pronaos (pórtico dianteiro aberto), naos (atoparíamos a escultura colosal de Atenea, en técnica crisoelefantina (mármore e ouro) realizada por Fidias), e opisthodomos (sala menor, un falso pórtico traseiro). A cella está dividida en tres naves, a central máis ancha que as laterais, mediante unha columnata en forma de U conformada por columnas superpostas de orde dórica. A súa función é dobre, dunha banda elevar a altura da construción para dar cabida á colosal estatua, e doutra soster o teitume plano dunha anchura importante. En realidade foi a estatua de Atenea a que condicionou toda a construción, obrigando a realizar un edificio de gran tamaño, comparable ao templo de Zeus en Olimpia.

No alzado conséguese un conxunto proporcionado (*euritmia*: harmonía e orde entre as partes e o todo), que cumpre as seguintes características:

- Dimensións medianas (o home como medida de todas as cousas)
- Perfecta integración na natureza
- Equilibrio masa e vans (creación dun ritmo harmónico)
- Búsqueda da perfección a través das matemáticas

É unha arquitectura alintelada, de orde dórica no exterior, con un entaboamento formado por arquitrabe, friso e cornixa. Constrúese con mármore pentélico en sillares regulares (isódomos) en unión viva (sen argamasa e unidos con grapas). As columnas están formadas por tambores unidas por un vástago metálico central, sobre unha plataforma ou crepidoma (o último escalón é o estilóbato) polos catro lados. As columnas dóricas non teñen basa; os seus fustes son robustos, de pouca altura e unidos visualmente por estrías en aresta viva. O capitel ten tres partes: o colariño (moldura cóncava), o equino (moldura circular convexa) e ábaco (peza rectangular). O entaboamento consta de tres seccións horizontais: arquitrabe, liso e sen ningún ornamento; friso dividido en triglifos e metopas; e a cornixa, sobre a que se alza o frontón.

Aparecen todas as correccións ópticas típicas da arquitectura grega: columnas máis grosas nas esquinas pois a luz tende a adelgazalas; triglifos nos extremos; entaboamento e gradas curvados para unha total horizontalidade; éntase para contrarrestar o efecto de concavidade; intercolumnios de distinto tamaño.

En canto á decoración, é posible que atopásemos acroteras nas esquinas inferiores dos frontóns. O máis destacado en canto ao ornamental son as metopas, dispostas ao longo do friso exterior, realizadas por Fidias, e que representan as grandes batallas mitolóxicas como a Xigantomaquia, a Centauromaquia, a Amazonomaquia e a Guerra de Troia, en baixorrelevo, de factura exquisita, con gran movemento e harmonía. O templo estaba dedicado á deusa protectora da cidade de Atenas, Palas Atenea, polo que as esculturas dos frontóns estaban dedicadas a ela. No principal, na parte oriental, atopábase o nacemento de Atenea, da cabeza de Zeus, hoxe desaparecido. No frontón occidental atoparemos a disputa entre Atenea e Poseidón pola Ática. No interior e rodeando o muro da naos, atopamos o friso das Panateneas, procesión votiva ou oferente, conmemorativa, á deusa da cidade, tamén realizada por Fidias nun baixorrelevo de gran factura técnica. Moitas destas esculturas e relevos desapareceron, pero a maioría, sobre todo as metopas, consérvanse no Museo Británico (Londres).

#### FUNCIÓN, CONTIDO E SIGNIFICADO

Os templos gregos eran considerados a morada dos deuses na Terra, así que non estaban construídos para oficios litúrxicos nin para albergar grandes masas de xente. No seu interior estaba a estatua do Deus e se habilitaba unha sala (opistodomos) para as ofrendas. As cerimonias realizábanse no exterior. A función do edificio sería estritamente relixiosa, a morada do Deus.

O Partenón está orientado leste-oeste (de costas aos Propileos), sendo o leste a fachada pola que se accede ao interior, facendo que o sol nascente proxecte os seus raios sobre a colosal estatua crisoelefantina de Atenea.

#### MODELOS E INFLUENCIAS

O Partenón, como edificio máis representativo da Acrópole, representa o triunfo da razón e do sentido cívico sobre a barbarie, manifestando todo o que entendemos como cultura clásica grega: simetría, proporción, medida, serenidade, equilibrio. Será o modelo de edificio clásico, referencia que continuará en Roma e posteriormente no Renacemento e Neoclasicismo.